

VALORES DE SE

I. PRONOME (REFLEXIVIDADE)

1. Con verbos transitivos:

- Cando o axente é asemade o paciente. **SE** cumpre a función de **CD**.

- *Eu queimeime / El queimouse*
 - **El queimouse un dedo*
- *Peiteime / Peiteouse*
 - **Ela peiteouse o cabelo*
- *O xastre fixo un traxe para si mesmo*
 - **O xastre fíxose un traxe*
- *A nena vestiuse de vagar*
 - **A nena vestiu a roupa de vagar*
- *A porta abriuse / As portas abríronse*

Neste caso, ademais da **reflexividade** ("a porta abriuse a si mesma") pódese ver tamén como **Pasiva reflexa** ("a porta (paciente) foi aberta polo vento (axente)") e mesmo como **impersoal activa** ("alguén descoñecido abriu a porta"). Actualmente estas construcións reciben o nome de **VOZ MEDIA**, construción situada entre a voz activa e a pasiva.

Nestes casos, o **SE** non cumpre ningunha función sintáctica, pois é considerado un morfema verbal.

Exemplos: *O viño estragouse*, *Fechouse a ventá*, *O peixe conxelouse*, *A auga evaporouse*, *A auga quentouse* (a auga queceu), *A froita apodrentouse* (a froita apodreceu)...

- Cando o axente e o paciente son varios e as accións de dobre dirección (**Reciprocidade**). **SE** cumpre a función de **CI** ou de **CD**.

- *Os dous irmáns déronse labazadas (CI)*
 - *Breixo e Fuco mancáronse (CD) entre si.*
Para evitar a confusión con: *Breixo mancouse* e *Fuco mancouse* (**reflexividade**), engadimos o "entre si".

2. Con verbos que adquiren un valor intransitivo cando levan SE. Eses verbos modifican o seu significado ou rexen complementos distintos segundo leven ou non o SE.

Nestes casos **SE** é un morfema verbal, que engade un novo sdo. léxico ao verbo.

- *Afonso ergueu a cesta ("levantar un peso") / Afonso ergueuse da cama ("elevarse dun sitio").*
- *Carlos inclinou o armario ("colocar en plano inclinado") / Carlos inclinouse ("agachouse ou fixo unha reverencia")*
- *Carme adormeceu a filla ("axudou a durmir á filla") / Carme adormentouse ("quedou durmida sen querer") = Carme adormeceu*
- *Parece ("semella") máis alto do que é / Parécese ("imítase") ao seu pai*
- *Despediu ("deixou sen traballo") aos traballadores / Despediuse ("separouse") dos amigos e marchou*
- *Caeu ao río e afogou ("sen querer") nunha poza / Afogouse ("querendo") por amor*

- *Esqueceu o meu aniversario (CD) / Esqueceuse de min (SUPL)*
- *Acordou un trato vantaxoso (CD) / Acordouse de ti (SUPL)*
- *Moito rimos con el (CC) / Moito se riu del (SUPL)*
- *Compadeceuno (CD) / Compadeceuse del (SUPL)*
- *Aproveitou a ocasión (CD) / Aproveitouse da ocasión (SUPL)*
- *Moveu varios quilos (CD) / Moveuse de sitio (SUPL)*

3. Con verbos pronominais, que só admiten a construción con SE.

Nestes casos **SE** é un morfema verbal. Carece de función sintáctica.

- *Atreveuse a facelo*
- *Dignouse a mirarme*
- *Non se suicidou*
- *Arrepentíuse axiña*
- *Espreguizouse diante de todos*
- *Nin se inmutou*

4. Con verbos intransitivos: que indican movemento (*baixar, marchar, ir...*) ou tamén estativos (*quedar...*)

- *Baixouse para coller os cartos do chan ("abaixouse")*
 - *Baixou á rúa / *Baixouse á rúa*
 - *Caeu na fonte / *Caeuse na fonte*
 - *Marchou de clase / *Marchouse de clase*
 - *Subiu á cerdeira / *Subiuse á cerdeira*
- *Foise ("definitivamente")*
 - **Foise para a casa*
- *O vento quedouse toda a noite ("morrer", "permanecer quedo")*
 - **Quedouse sen entradas para ir ao cine*

II. MARCA DE IMPERSONALIDADE (VOZ MEDIA)

1. Impersoal pasiva (Pasiva reflexa)

O verbo está en 3ª persoa de plural ou de singular (en sing. pódese confundir coa Impersoal Activa), concordando co suxeito paciente e o axente non se expresa.

- *Aquí vaise facer unha casa / vanse facer moitas casas*
- *No monte cortouse un Piñeiro / cortáronse vinte piñeiros*
- *Necesítanse empregados*
- *Véndense casas*

2. Impersoal activa

O verbo está en 3ª persoa de singular e o paciente acostuma ser o CD.

- *Nesta cidade vívese ben*
- *Fálase de que subirán os impostos*
- *Aprobouse o decreto por maioría*

III. CONXUNCIÓN

1. Conxunción condicional

Inicia unha oración que expresa unha hipótese ou unha condición:

- *Se non teño vacacións no Nadal, tereinas no verán*

2. Conxunción subordinante equivalente a que (interrogativas indirectas)

- *Preguntou se viñas á festa*

ACTIVIDADE

Sinala os valores de **SE** nos seguintes exemplos:

- *Se hai uns anos a pregunta era se leríamos libros nunha pantalla, a de hoxe só pode ser cando será a opción maioritaria.*
- *Os movementos que se están a producir entre os fabricantes apuntan a que o ebook vai ser o rei.*
- *Os editores galegos teñen que moverse canto antes.*
- *Será un lastre que se pode arrastrar moito tempo.*
- *Non se trata só de gañar novos lectores, senón de non perder os actuais.*

- *Lavouse as mans*
- *Vestiuuse de vagar*
- *Abrazáronse*
- *Valorouse aos concursantes*
- *Pórtase ben*
- *Traizoouse a si mesma*
- *O rapaz cortouse o pelo*
- *Prohibido descalzarse na aula*
- *O xastre fíxose un traxe*
- *Se coidas o coche , durará máis*

- *Pablo e Manuel pegáronse*
- *Queimouse*
- *Atreveuse a facelo*
- *Non se suicidou*
- *Danse clases particulares*
- *Se non podes vir ti, non imos nós tampouco*
- *Non sei se se foi ou non se foi*
- *Espreguizouse diante de todos*
- *Nin se inmutou*
- *Vanse facer moitas casas*
- *Cortáronse piñeiros*
- *Pintouse demasiado e chamaba a atención*
- *Xoán e Manuel mancáronse*

- *Marcos pregunta se queres vir*